XORNADAS

de igualdade en Relacións Internacionais

Garantir dereitos, previr violencias:

unha mirada internacional á saúde sexual e reprodutiva



20 de outubro de 2026
13.00-15.00 h

22 de outubro de 2026
11.00-13.00 h

Sala 2
Aula Relacións Internacionais
Facultade de Relacións Internacionais
Campus de Ourense

Campus remoto:

Deseño: Área de imaxe. Fotografía: Adobe Stock IA



Universidade Vigo

Unidade de Igualdade — Facultade de Relacións Internacionais

XORNADAS DE IGUALDADE

INTRODUCIÓN

A saúde sexual e reprodutiva constitúe un compoñente esencial do dereito humano fundamental á saúde e ao benestar integral. As violencias sexuais e de xénero representan unha das ameazas máis graves e persistentes para o exercicio destes dereitos a escala global. Estas violencias atravesan fronteiras e teñen profundas implicacións sociais, políticas, económicas, xurídicas e humanitarias. A violencia sexual non é un fenómeno illado nin local, xa que forma parte de estruturas de desigualdade de xénero que se reproducen en todos os países e contextos. En ausencia dun enfoque de xénero, a violencia sexual queda invisibilizada e relegada a un plano secundario, cando en realidade afecta á estabilidade, á seguridade e ao desenvolvemento de todas as sociedades. Comprender a súa dimensión estrutural permitirá ao alumnado de Relacións Internacionais, así como a todas as persoas interesadas, analizar como opera o poder no sistema internacional e como as dinámicas globais poden reforzar ou mitigar estas violencias.

OBXECTIVOS

• Comprender os fundamentos da saúde sexual e reprodutiva desde un enfoque integral, recoñecéndoa como un compoñente esencial do benestar e do exercicio dos dereitos humanos.

• Analizar a violencia sexual e de xénero como un problema de saúde pública mundial, identificando as súas causas estruturais, as súas distintas manifestacións e o seu impacto na saúde física, mental, sexual e reprodutiva.

• Desenvolver unha conciencia crítica para abordar a violencia sexual e de xénero a partir da evidencia científica e de marcos de dereitos humanos aplicables en distintos contextos culturais.

ORGANIZA: Unidade de Igualdade. Facultade de Relacións Internacionais.

Martes 20 de outubro de 2026

12:30–13:00 Inauguración das xornadas
Laura Carballo, decana da Facultade de Relacións Internacionais
María Lameiras Fernández, enlace de igualdade da Facultade de Relacións Internacionais e coordinadora das xornadas

13:00–14:00 Conferencia: Unha perspectiva global sobre o VIH e a saúde sexual e reprodutiva: onde estamos agora? Relatora: Anna Mia Ekström, responsable do grupo de investigación en Saúde Global e Sexual (GloSH), Karolinska Institutet, Suecia.

14:00–15:00 Conferencia: O consentimento sexual entre a mocidade: comunicación, desexo e poder.
Relator: Mariano Salazar, investigador principal do Departamento de Saúde Pública Global, Karolinska Institutet, Suecia.

Xoves 22 de outubro de 2026

11:00–12:00 Conferencia: Do caso Pelicot á resposta internacional ante un problema estrutural.
Relatora: Concepción Gimeno Presa, profesora titular de Filosofía do Dereito, Universidade de León, España.

12:00–13:00 Conferencia: Benestar e saúde sexual en nenas e adolescentes en México: erradicar as violencias de xénero e a inxustiza do feminicidio en Juárez.
Relator: Alfredo Limas Hernández, profesor titular de Estudos de Xénero, Universidad Autónoma de Ciudad Juárez, México.

13:00: Clausura